



UN FUTURO PARA OURENSE: PRINCIPIOS INSPIRADORES DUN ACORDO PARA OS CIDADÁNS

A cidade e a provincia de Ourense teñen ante si demasiados retos de futuro como para que a fragmentación do seu espazo político supoñan un freo para o seu desenvolvemento. A calidade dos servizos públicos, o despoboamento e as incertezas do contexto económico requiren de institucións estables e que conten coas ferramentas necesarias para acometer eses desafíos.

Os ourensáns lanzaron unha clara mensaxe cando foron chamados ás urnas: que os partidos políticos superen as súas lexítimas diferenzas e busquen espazos de entendemento para traballar, xuntos, pola cidade e pola provincia.

Os representantes de Democracia Ourenseana e do Partido Popular de Ourense afrontamos esa encargo da cidadanía cunha visión de futuro compartida. Hai demasiados proxectos vitais para os cidadáns como para que sexamos estritos na aplicación dos nosos dogmas programáticos. Sobre todo porque, tendo en conta os posicionamentos públicos de PSOE, BNG e, principalmente, Ciudadanos, non hai un goberno alternativo ao noso capaz de garantir estabilidade e aportar un programa común. Toda proposta que non sexa esta ven precedida de vetos, personalismos e prexuizos, e parte dun plan cuxas últimas decisións terminarían por estar en mans de partidos independentistas ou de formacións que, na provincia e na cidade, carecen de toda credibilidade.

Ambos partidos temos encontrados puntos en común que poderían supoñer gobernos sólidos nos que os principais beneficiados da nosa xestión compartida non fosen as nosas siglas senón os nosos veciños. E cando dos ourensáns se refire, as diferenzas partidistas deben superarse. Porque os cidadáns están por riba de todo. E de todos.

O Concello de Ourense ten o reto de mellorar as súas infraestruturas e os seus servizos para consolidarse como terceira cidade de Galicia,



ao tempo que a Deputación asume o reto de colaborar activamente cos distintos concellos que conforman a provincia para vertebrar o seu territorio.

No caso da Corporación municipal, acordamos fixar os seguintes eixos de actuación:

1. É urxente **dotar aos cidadáns duns Orzamentos útiles** e que consoliden unha política económica acorde as necesidades dunha urbe moderna, funcional e preparada. Por iso, a elaboración desas contas públicas debe ser un obxectivo irrenunciable a abordar polo novo equipo de Goberno. Esas contas deben ser respectuosas coa xenética política de ambos partidos, resumida en tres puntos fundamentais: **menos impostos**, políticas que promovan **investimentos que poidan xerar emprego**, e **blindaxe dos servizos públicos** municipais.

Os Orzamentos son a principal ferramenta de planificación dunha institución pública e, polo tanto, debemos traballar para telos presentados e aprobados en tempo e forma todos e cada un dos catro anos que dura a Lexislatura.

2. O **Plan xeral de Ordenación Urbana** e o instrumento crave para dotar a cidade da seguridade xurídica necesaria para seguir medrando de forma sostible. A novo Goberno local ten a obriga de sacar adiante este documento e, así, fortalecer os cimentos sobre os que apuntalar o desenvolvemento urbanístico de Ourense.
3. O Concello ten que ser un exemplo no que mirarse o resto de administracións. Un espazo de entendemento e respecto que sirva de inspiración para outras institucións. Un lugar no que o interese polo entendemento supere as diferencias entre partidos e sobrevoe a tradicional separación entre goberno e oposición.

Ademais, **promoverá a cooperación institucional** na busca de sinerxias que redunden no beneficio dos cidadáns, non só coa Deputación senón tamén cos concellos da área de influencia, coa Xunta de Galicia e co resto de administracións.

4. A cidade debe ser un **entorno accesible** para todos os que nela residen. Un espazo amable para os que viven en Ourense e tamén para os que a visitan. agradable para o cidadán e libre de barreiras arquitectónicas, para que o impulsaremos a colocación de escaleiras mecánicas en diferentes puntos da cidade.

En definitiva, unha urbe limpa, aberta e dinámica, e que sexa referente da Galicia do século XXI.

5. Ourense debe seguir a ser o **referente nacional do termalismo**. Nesa procura da condición de Capital Termal que queremos para a cidade, dotaremos a urbe dun Hotel Balneario, así como das instalacións necesarias para aproveitar as oportunidades que, neste senso, ofrecen os recursos naturais da capital.

A Deputación, pola súa banda, debe seguir a ser o mellor dos aliados dos municipios da provincia. Unha institución amable e preta ás necesidades dos cidadáns, transparente, e centrada en lograr un territorio no que vivir no rural non signifique ter menos oportunidades que vivir na capital.

Por todo iso convén sentar as bases dunha xestión útil e eficaz, a aplicar dende o mesmo día das investiduras do alcalde de Ourense e dende a toma de posesión do presidente da Deputación provincial. Ambas institucións deberán transparentar aos ourensáns cales serán as súas prioridades e os seus eixos de actuación, sempre cos veciños como centro das súas políticas.

Precisamente, na busca dese modelo de goberno compartido, Democracia Ourensana e Partido Popular de Ourense subscriben



este pacto para establecer gobiernos de concentración para o período 2019-2023 na cidade e na provincia, baseado na lealdade e na cooperación sincera nestas dúas institucións, e considerándose socios prioritarios en calquera outra.

Ambos partidos crearán, ademais, unha comisión de seguimento deste acordo. O obxectivo, a optimización do seu funcionamento para lograr un obxectivo común: a exemplaridade na xestión pública e a realización dun traballo que sexa digno dos cidadáns que, co seu apoio, déronnos a posibilidade de sumar a maioría suficiente en ambas institucións.

Esa comisión de seguimento debe avaliar periodicamente o cumprimento dos principios inspiradores deste acordo suscrito para catro anos.

Ademais, establecerán por escrito a organización interna deste pacto, o reparto de competencias e a asunción de dereitos e obrigas que implican. Tamén concretarán as bases programáticas que deberán orientar a acción de goberno e que se resumirá nunha soa frase: Ourense por riba de todo.



Gonzalo Pérez Jácome
Democracia Ourensana



José Manuel Baltar Blanco
Partido Popular de Ourense

OURENSE, 14 DE XUÑO DE 2019. -